



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A EMPRESA MUNICIPAL VIVENDA, SERVICIOS E ACTIVIDADES, S.A.U. (EMVSA) PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ESTRUCTURA DE FUNCIONAMENTO DA EMPRESA MUNICIPAL

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña, con CIF P1503000J, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; e no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, D. Jaime Castiñeira de la Torre, en calidade de Director Xeral da Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades S.A.U. (en diante, EMVSA), con domicilio social na Praza de María Pita 1, A Coruña e CIF A-7006218.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente e o poder necesario para obrigarse neste convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que en virtude da súa potestade de autoorganización, o Concello da Coruña constituíu a Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades S.A.U. (EMVSA), sociedade mercantil anónima unipersoal con personalidade xurídica propia que ten por obxecto, entre outras actividades, o estudo, promoción, xestión ou execución de calquera tipo de actividade urbanística, así como a xestión, explotación e administración de instalacións e complexos de servizos municipais propiedade do Excmo. Concello da Coruña.

De conformidade co disposto expresamente nos seus estatutos, a citada sociedade ten a condición de medio propio e servizo técnico do Concello, podendo este realizar todo tipo de encomendas de xestión relacionadas co seu obxecto social.

Esta empresa foi constituída polo Concello da Coruña mediante escritura pública autorizada polo notario D. Emilio López de Paz o 27 de xullo de 2005, número de protocolo 1620, estando inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña no tomo 2.987 do Arquivo, Sección Xeral, ao folio 151, folla número C-36.414, inscrición 1^a.

SEGUNDO.- Que o artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante, LXS), entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais que se establezan, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

TERCEIRO.- Que EMVSA, para o cumprimento e bo funcionamento dos encargos que realiza a favor do Concello da Coruña, todos eles previo acordo da Xunta de Goberno Local e/ou do Pleno do Concello, incorre en uns gastos de estrutura que, desde hai varias anualidades, non pode afrontar coa súa propia tesouraría ou cos ingresos percibidos polos encargos municipais.

CUARTO.- Que o CONCELLO entende que a actividade de EMVSA é de interese social e xeral para o conxunto da cidadanía e, en consecuencia, o orzamento municipal para este ano



Concello da Coruña

recolle unha subvención de carácter nominativo a favor de EMVSA por un importe de cinco centos mil euros (500.000,00 €), gasto imputable á **aplicación orzamentaria 10.933.44900**, coa finalidade de destinalo ao financiamento dos gastos de estrutura de funcionamento da empresa municipal.

QUINTO.- Que a LXS dispón no seu artigo 22.2.a) que poderán concederse de forma directa as subvencións que se recollan de maneira nominativa nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. O artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

SEXTO.- Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou por demanda da entidade interesada, EMVSA, atendendo ao requirimento municipal, presentou a documentación necesaria para subscribir o convenio.

SÉTIMO.- Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS e a ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións por parte do Concello da Coruña e os seus organismos públicos, por parte do Concello da Coruña resolveuse autorizar o gasto a conceder a EMVSA, consistente nunha subvención para o financiamento de gastos de estrutura de funcionamento da empresa municipal por importe de 500.000,00 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 10.933.44900, e subscribir un convenio de colaboración entre ambas entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social e xeral previamente descrito.

Por todo o exposto, as dúas partes acordan asinar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto da axuda e período de realización dos traballos subvencionados

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o CONCELLO e EMVSA, co fin de contribuír ao financiamento dos gastos de estrutura de funcionamento da empresa municipal durante o ano 2025.

O importe deste convenio será dedicado por EMVSA a obxectivos de interese xeral, derivados dos gastos de estrutura dos encargos municipais aos que se dedica, todos eles aprobados polo Concello da Coruña, pero non imputados ás contas xustificativas dos ditos encargos. Para tales efectos, o Director da empresa formulará declaración responsable sobre este último extremo, e sen prexuízo da súa comprobación polos órganos de control.

A especificación da finalidade citada consta descrita na memoria enviada previamente por EMVSA e que se xunta ao presente convenio como anexo. En calquera caso, as actividades e o proxecto que teñen cabida neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso.

SEGUNDA.- Obrigas do CONCELLO

O Concello da Coruña comprométese a aboar a EMVSA a cantidade de cinco centos mil euros (500.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.933.44900.

TERCEIRA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio, sendo ademais de aplicación o que a continuación se expón:



En relación co artigo 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante, RLXS), enténdese que o orzamento municipal estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, entenderase que queda a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento necesaria para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrada nese caso a financiación pública unicamente polo importe que exceda o custo total da dita actividade.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que poida establecer a normativa reguladora aplicable.

De conformidade co disposto no artigo 34 do RLXS, cando se produza exceso das subvencións percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e estas fosen compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación. O reintegro do exceso farase a favor das Entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas.

Non obstante, cando sexa o CONCELLO quen advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por el.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte a financiación prevista, no momento da concesión, nin o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- Obrigas do beneficiario

EMVSA comprométese a cumprir coas obrigas reguladas no artigo 14.1 da LXS.

QUINTA.- Gastos subvencionables e subcontratación

Resulta de aplicación o disposto no artigo 31 da LXS e, en consecuencia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido no convenio.

En todo caso, debe acreditarse de maneira fidedigna no correspondente xustificante do gasto que este está directamente relacionado coa actividade do convenio.

Considerarase gasto realizado aquel que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Estarase ao disposto no artigo 29 da LXS no que afecta á subcontratación das actividades subvencionadas polo beneficiario.

SEXTA.- Pago da subvención



Con carácter xeral, o recoñecemento do deber a favor do beneficiario e o pago da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas establecidas no artigo 37 da LXS.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que supoñan entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria.

SÉTIMA.- Xustificación

A xustificación por parte do beneficiario do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase antes do 15 de febreiro de 2026 a través da modalidade de conta xustificativa.

Para tal efecto, EMVSA deberá presentar en tempo e forma ante o CONCELLO a documentación preceptiva e necesaria segundo a regulación contida na LXS e no RLXS.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

OITAVA.- Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data en que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, nos casos sinalados no artigo 37.1 da LXS.

NOVENA.- Comisión de seguimento

Poderase constituír unha comisión de seguimento formada por catro vocais, a razón de dous membros designados por cada unha das entidades asinantes do presente convenio, co obxectivo de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.

Esta comisión reunirse, se é o caso, as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

DÉCIMA.- Duración do convenio

O prazo de duración deste convenio é improrrogable e establécese desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal solicitados para a realización das actividades deste convenio obxecto de tratamento só poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins



Concello da Coruña

directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario, co previo consentimento do interesado, tal como establece o artigo 11.1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO TERCEIRA.- Interpretación do convenio

O Concello resérvase a facultade de interpretar o presente convenio e resolver as cuestións que poidan xurdir acerca do seu cumprimento ou incumprimento, sen prexuízo das facultades das que dispón a Comisión de Seguimento.

DÉCIMO CATORCE.- Normativa reguladora e xurisdición

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; e a ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións por parte do Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

As posibles cuestións litigiosas ou controversias que poidan xurdir pola aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Ambas partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais desta capital.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade das subvencións

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria, serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/claridade-na-xestion/subvencions-e-axudas>).

Por este motivo, EMVSA queda suxeita tamén a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do CONCELLO, cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

O CONCELLO, en cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

En proba de conformidade, asínase este convenio, por duplicado exemplar, no lugar e na data que se sinalan a continuación

Na Coruña, na data da sinatura dixital,

A alcaldesa,

O director xeral de EMVSA,

Asdo.: Inés Rey García

Asdo.: Jaime Castiñeira de la Torre



CONFORMIDADE ao borrador do convenio
Coordinador Xeral área de Alcaldía